

## CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)

### BANDO

#### **AXUDAS A AUTÓNOMOS E PEMES PARA PROXECTOS DE MELLORA ENERXÉTICA**

O martes día 13 de abril de 2021 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia sobre as axudas para proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes con actividade de comercio, hostalaría ou artístico-recreativas.

#### **BENEFICIARIOS**

Empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos cuxa actividade estea incluída entre as seguintes seccións do CNAE 2009:

- Sección G: comercio por xunto e polo miúdo, divisións de 45 a 47 incluídas.
- Sección I: hostalaría, divisións de 55 a 56 incluídas
- Sección R: actividades artísticas, recreativas e de entretemento, divisións de 90 a 93 incluídas.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

Son proxectos subvencionables os investimentos en equipamentos consumidores de enerxía ou elementos que contribúan a unha xestión enerxética eficiente incluídos nas seguintes tipoloxías de actuación:

- Bono envolvente: elementos de control solar, toldos ou láminas de control solar e/ou térmico.
- Bono iluminación: renovación de equipamentos de iluminación interior e/ou exterior, incluídos rótulos e escaparates, por outros que utilicen tecnoloxía LED e os elementos de control asociados.
- Bono instalacións eléctricas: mellora da eficiencia enerxética en instalacións eléctricas.
- Bono equipamento: renovación de cafeteiras, lavalouzas, lavadoras, secadoras, pasadoras de ferro, vending, mobles frigoríficos, autoservizo e outros equipamentos.
- Bono climatización: equipamentos que permitan reducir o consumo de enerxía das instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria.
- Bono inmótica: sistemas domóticos e/ou inmóticos que permitan xestionar a enerxía e o gasto enerxético de forma máis eficiente.

Non se consideran custo subvencionable o IVE.

#### **CONTÍA DA AXUDA**

A contía da subvención será do **80 % do custo elixible** da actuación. Con carácter xeral, establécese unha axuda máxima de 6.000 euros por solicitude.

#### **PRAZO DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás **9.00 horas do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG e rematará o 30 de xuño de 2021.**

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, a 4 de abril de 2021.  
O Alcalde  
  
Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.